# DOSIER DE PRENSA
# XXII PREMIOS DE TEATRO MARÍA CASARES

# *Os galardóns da escena*

Os Premios María Casares son os galardóns de carácter anual que distinguen as producións escénicas estreadas durante o ano anterior á súa concesión e a todos os profesionais que nelas participan. Outórganse no ámbito do país ás montaxes estreadas durante o ano anterior á súa concesión e a todos os profesionais que nelas participan. A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) promove estes galardóns que, dende o ano 1997, buscan recoñecer o traballo realizado polos diferentes profesionais do sector na súa totalidade, dende os maquilladores até vestiaristas, pasando polos iluminadores, músicos, guionistas, adaptadores, tradutores, autores, escenógrafos, directores e o corpo interpretativo. Deste xeito, os María Casares convértense dende a súa creación no gran escaparate do teatro feito en Galicia e visibiliza o labor desenvolvido por todos os seus traballadores.

Con eses obxectivos, os galardóns constan de catorce categorías diferentes que representan todas as facetas da produción escénica. Ademais, a AAAG entrega cada ano o Premio de Honra Marisa Soto, co que o sector agradece e recoñece a traxectoria de colectivos e persoas relevantes no desenvolvemento do sector teatral.

Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

# A Asociación de Actores e Actrices de Galicia

A **Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG)** vén de cumprir en 2015 o seu trinta aniversario, sendo dende a súa fundación un axente cultural imprescindible no desenvolvemento tanto das artes escénicas coma do audiovisual.

Na súa creación en 1985, a Asociación estableceuse como unha entidade sen ánimo de lucro con personalidade xurídica que actúa como organismo autoxestor e autónomo agrupando actores, actrices, directores e directoras de Galicia. Entre os seus obxectivos fundamentais figura a promoción dun sector galego da escena e do audiovisual ben artellado e acorde coas políticas culturais máis modernas así como a defensa dos dereitos laborais do seu corpo asociativo, constituído actualmente por 300 socios e socias e mais do conxunto da profesión. A AAAG sustenta as súas actividades principalmente en base ás cotas aboadas polos socios, así como tamén por axudas e subvencións de organismos oficiais, entidades públicas e privadas.

O máximo órgano da asociación é a asemblea xeral, conformada polo conxunto dos asociados, que cada dous anos elixen unha xunta directiva -constituída por presidente/a, vicepresidente/a, secretario/a e vogais- encargada de conducir a actividade da mesma, de representar os e as asociados/as e procurar unha serie de obxectivos e principios que relatamos a continuación:

-Actuar como un axente dinamizador e modernizador das políticas culturais de Galicia

-Fomentar a demanda cultura e captación de públicos

-Apoio ao sector afeccionado das artes escénicas e audiovisuais

-Deseño e implementación de proxectos produtivos.

-Servir de espazo de relación e de coordinación entre profesionais

-Representar o colectivo diante dos poderes públicos.

-Defender os intereses laborais e dos dereitos de imaxe dos asociados.

Entre as actividades levadas a cabo pola AAAG, cómpre destacar:

- Fomento da formación. Organización ao longo do ano de diversos cursos, obradoiros e clases de traballo interpretativo con directores, produtores e responsables de *cásting* de recoñecido prestixio.

- Edición e difusión do Catálogo de Actores e Actrices. Dende as súas orixes, a AAAG elaborou en diversos formatos unha sucesión de catálogos co seu corpo asociativo, enténdoo como unha ferramenta imprescindible para a difusión do traballo dos nosos actores e actrices. A última actualización presentouse en decembro de 2015, coincidindo coa renovación da páxina web e dun anovado catálogo *online* que lles permite aos intérpretes actualizar a súa ficha sen intermediación.

- Información puntual aos asociados de convocatoria de cursos, audicións, bolsas e subvencións relacionadas co sector. Esta información achégase aos asociados a través da comunicación directa a través de boletíns periódicos, como tamén da web e das redes socias.

- Realización de Lecturas Dramatizadas

- Organización dos Premios de Teatro María Casares.

- Asesoría laboral e xurídica.

- Guía de servizos. A AAAG mantén unha serie de acordos e colaboracións con empresas privadas relacionadas co sector para que o corpo asociativo poida acceder aos seus servizos con descontos e facilitar así o desenvolvemento do seu oficio.

# María Casares: actriz universal

O 21 de novembro de 1922. Aquel día, na Coruña, naceu a que sería a actriz galega con maior proxección internacional, María Victoria Casares Pérez, filla de Santiago Casares Quiroga, ministro e xefe de Goberno da II República. O éxito da actriz chegaría lonxe da casa, en Francia, nun exilio do que só volveu en contadísimas ocasións.

En Francia, a onde chegou con trece anos e tan só tres meses despois do inicio da Guerra Civil, Casares principiou a súa formación teatral até estrearse como actriz no afamado teatro Les Mathurins en 1942. Nese escenario iniciou unha frutífera e recoñecida carreira teatral na que traballou con actores como Jean Marchat, Jean Anouilh ou Georges Vitaly. Foi naquela época, nos anos corenta, cando iniciou tamén a súa selecta traxectoria no cine, debutando na clásica *Les Enfants du paradis*, de Marcel Carné. E foi tamén naqueles anos corenta, cando María Casares coñeceu a Albert Camus, iniciando unha longa carreira artística e persoal.

Deste xeito, María Casares acabaría por consagrarse como actriz de referencia e de enorme recoñecemento ante o público. Ao final da súa vida recibiu grandes premios da súa carreira: o Premio Nacional de Teatro e a Lexión de Honor. Dende España chegoulle a Medalla de Belas Artes e dende Galicia, o título de filla predilecta da Coruña e a medalla Castelao.

En 1997, a AAAG bautizou os seus premios de teatro co nome da actriz para recoñecer a súa longa traxectoria e a súa pegada na interpretación internacional. María Casares quixo acudir á primeira gala destes premios, mais o seu falecemento impediullo.

## CANDIDATOS AO MELLOR ESPECTÁCULO



## MELLOR ESPECTÁCULO INFANTIL



asociación de actores e actrices de galicia

Premios de Teatro MARÍA CASARES

# FINALISTAS XXII PREMIOS MARÍA CASARES

| **Mellor Maquillaxe** | | |
|---|---|---|
| candidat@ | espectáculo | compañía |
| Esther Quintas Salgado | Martes de Carnaval | Centro Dramático Galego |
| Fany Bello | Soño dunha noite de verán | Voadora |
| Trini F. Silva | Outono | Pista Catro |

| **Mellor Vestiario** | | |
|---|---|---|
| candidat@ | espectáculo | compañía |
| Fany Bello | Soño dunha noite de verán | Voadora |
| Suso Montero | A cabeza do dragón | Producións Teatráis Excéntricas |
| Uxía Vaello | Martes de Carnaval | Centro Dramático Galego |

| **Mellor Escenografía** | | |
|---|---|---|
| candidat@ | Espectáculo | compañía |
| Fernando Ribero | Martes de Carnaval | Centro Dramático Galego |
| Laura Iturralde e Montse Piñeiro | Resaca | ilMaquinario Teatro |
| Marta Pazos | Soño dunha noite de verán | Voadora |

| **Mellor Iluminación** | | |
|---|---|---|
| candidat@ | espectáculo | compañía |
| Baltasar Patiño | A cabeza do dragón | Producións Teatráis Excéntricas |
| José Álvaro Correia | Martes de Carnaval | Centro Dramático Galego |
| José Manuel Faro 'Coti' | Resaca | ilMaquinario |

| **Mellor Música Orixinal** | | |
|---|---|---|
| candidat@ | espectáculo | compañía |
| Ailén Kendelman | Elisa e Marcela | A Panadaría |
| Hugo Torres e Jose Díaz | Soño dunha noite de verán | Voadora |
| Vadim Yukhnevich | Resaca | ilMaquinario |

| **Mellor Adaptación/Tradución** | | |
|---|---|---|
| candidat@ | espectáculo | Compañía |
| Manuel Cortés | Martes de Carnaval | Centro Dramático Galego |
| Marcos Layera | Soño dunha noite de verán | Voadora |
| Quico Cadaval | A cabeza do dragón | Producións Teatráis Excéntricas |

| **Mellor Texto Orixinal** | | |
|---|---|---|
| candidat@ | espectáculo | Compañía |
| Areta Bolado, Noelia Castro, Ailén Kendelman e Gena Baamonde | Elisa e Marcela | A Panadaría |
| Cándido Pazó | Fillos do sol | Contraproducións |
| Tito Asorey e Ana Carreira | Resaca | ilMaquinario |



Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

| **Mellor Actriz Secundaria** | | |
|---|---|---|
| candidat@ | espectáculo | compañía |
| Ailén Kendelman | Elisa e Marcela | A Panadaría |
| Laura Míguez | Resaca | ilMaquinario Teatro |
| Anabell Gago | Martes de Carnaval | Centro Dramático Galego |
| Areta Bolado | Soño dunha noite de verán | Voadora |

| **Mellor Actor Secundario** | | |
|---|---|---|
| candidat@ | espectáculo | compañía |
| Fernando González | Resaca | ilMaquinario Teatro |
| Josito Porto | A cabeza do dragón | Producións Teatráis Excéntricas |
| Víctor Mosqueira | A cabeza do dragón | Producións Teatráis Excéntricas |

| **Mellor Actriz Protagonista** | | |
|---|---|---|
| candidat@ | espectáculo | Compañía |
| Areta Bolado | Elisa e Marcela | A Panadaría |
| María Roja | Martes de Carnaval | Centro Dramático Galego |
| Melania Cruz | Resaca | ilMaquinario |

| **Mellor Actor Protagonista** | | |
|---|---|---|
| candidat@ | espectáculo | Compañía |
| Fran Lareu | Resaca | ilMaquinario |
| Iván Marcos | A cabeza do dragón | Producións Teatráis Excéntricas |
| Miquel Insua | Martes de Carnaval | Centro Dramático Galego |

| **Mellor Dirección** | | |
|---|---|---|
| candidat@ | espectáculo | Compañía |
| Gena Baamonde | Elisa e Marcela | A Panadaría |
| Marta Pazos | Martes de Carnaval | Centro Dramático Galego |
| Quico Cadaval | A cabeza do dragón | Producións Teatráis Excéntricas |
| Tito Asorey | Resaca | ilMaquinario |

| **Mellor Espectáculo Infantil** | | |
|---|---|---|
| | candidat@ | Compañía |
| | A galiña azul | Tanxarina |
| | Outono | Pistacatro |
| | Pum! Pum! | Baobab Teatro |

| **Mellor Espectáculo** | | |
|---|---|---|
| | candidat@ | Compañía |
| | Elisa e Marcela | A Panadaría |
| | Resaca | ilMaquinario Teatro |
| | Soño dunha noite de verán | Voadora |

## Resaca. Dez nominacións

# ‘Resaca’, un espectáculo sobre a memoria e a ausencia

*‘Resaca’ é a terceira montaxe de ilMaquinario teatro. Tras regalarlle ao público ‘O home almofada’ e ‘Perplexo’, a compañía chega agora con esta produción que se centra na memoria e na desmemoria, nas presenzas e nas ausencias. A historia parte da súbita marcha de Álex, unha persoa ficticia importante para todos os membros da compañía. A través deste recurso, desenvólvese o texto no que se percorren os elementos claves das relacións humanas, dende a familia até a infancia, pasando polas lembranzas, o esquecemento, o amor e a morte. A obra está dirixida por Tito Asorey e protagonizada por Melania Cruz, Laura Míguez, Fran Lareu e Fernando González.*

| FINALISTAS | |
|---|---|
| **Mellor espectáculo** | Resaca |
| **Mellor dirección** | Tito Asorey |
| **Mellor protagonista** | Fran Lareu |
| **Mellor secundaria** | Melania Cruz |
| **Mellor secundaria** | Laura Míguez |
| **Mellor secundario** | Fernando González |
| **Mellor escenografía** | Laura Iturralde /Montse Piñeiro |
| **Mellor Iluminación** | José M. Faro ‘Coti’ |
| **Mellor texto orixinal** | Tito Asorey e Ana Carreira |
| **Mellor música orixinal** | Vadim Yukhnevich |



Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

# Martes de Carnaval. Nove nominacións

| |
|---|
| **Mellor dirección** |
| Marta Pazos |
| **Mellor actor protagonista** |
| Miquel Insua |
| **Mellor actriz protagonista** |
| María Roja |
| **Mellor actriz secundaria** |
| Anabell Gago |
| **Mellor adaptación/Tradución** |
| Manuel Cortés |
| **Mellor iluminación** |
| José Alvaro Correia |
| **Mellor escenografía** |
| Fernando Ribero |
| **Mellor vestiario** |
| Uxía Vaello |
| **Mellor maquillaxe** |
| Esther Quintas Salgado |

## *O esperpento segundo o Centro Dramático Galego*

*En 1984, o CDG debeu iniciar a súa andaina co Divinas palabras de Valle-Inclán. Non obstante, a negativa dos herdeiros a que o texto se levase ao galego, frustrou a estrea. Tres décadas despois, coa liberación dos textos do dramaturgo, o CDG emendou a historia e acabou por lle encargar a Marta Pazos a adaptación de dúas das tres pezas que constitúen a triloxía de 'Martes de Carnaval'. Dese xeito, xurdiu a montaxe que ofreceu o Centro Dramático Galego cun elenco coral que levou a escena 'As galas do defunto' e 'A filla do capitán'.*



Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

# A cabeza do dragón . Sete nominacións

## O primeiro Valle-Inclán en Galego da man de Producións Teatráis Excéntricas e Quico Cadaval

| |
|---|
| **Mellor dirección** |
| Quico Cadaval |
| **Mellor actor protagonista** |
| Iván Marcos |
| **Mellor actor secundario** |
| Josito Porto |
| **Mellor actor secundario** |
| Víctor Mosqueira |
| **Mellor adaptación/Tradución** |
| Quico Cadaval |
| **Mellor iluminación** |
| Baltasar Patiño |
| **Mellor vestiario** |
| Suso Montero |

*Producións Teatráis Excéntricas escolleu unha das farsas infantís de Valle-Inclán para abordar por vez primeira ao dramaturgo na nosa lingua. A historia do príncipe Verdemar na procura de salvar a súa amada responde aos modelos das fábulas habituais, mais en cada unha das liñas agóchase unha forte crítica aos problemas sociais da época e o poder. Partindo desa base, Excéntricas achegouse a Valle coa dirección e tradución de Quico Cadaval e un amplo elenco formado por oito intérpretes: Iván Marcos, Yelena Molina, Josito Porto, Marcos Orsi, Víctor Mosqueira, Patricia Vázquez, María Costas e Cadaval actúan na montaxe.*



Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

## Soño dunha noite de verán. 7 nominacións

# Voadora volve trasladar á súa illa estética a Shakespeare

*Tras adaptar 'A tempestade' fai uns anos, Voadora volve revisitar os clásicos de William Shakespeare. Nesta ocasión, a compañía de Marta Pazos, Jose Díaz e Hugo Torres recorren a 'Soño dunha noite de verán' para achegarlle ao público unha comedia sobre o amor, a dor, a paixón, o sexo, os desencontros e o poder. Unha comedia que fala de min, de ti, de todos e todas. Porque xa fomos cazadores e xa fomos presas. Así nos pasamos a vida: amando, sendo amados, rexeitando e conquistando.*

| |
|---|
| **Mellor espectáculo** |
| Soño dunha noite de verán |
| **Mellor actriz secundaria** |
| Areta Bolado |
| **Mellor adaptación / Tradución** |
| Marco Layera |
| **Mellor música orixinal** |
| Hugo Torres e José Díaz |
| **Mellor Escenografía** |
| Marta Pazos |
| **Mellor Vestiario** |
| Fany Bello |
| **Mellor Maquillaxe** |
| Fany Bello |



Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

## Elisa e Marcela. 6 nominacións

**Achegamento teatral dende o humor a historia das dúas mulleres que casaron en 1901 na Coruña**

*A Panadaría escolleu para levar a cabo a súa terceira montaxe a historia de Elisa e Marcela, as dúas mulleres que na Coruña de 1901 casaron pola Igrexa. Considerado un dos primeiros matrimonios homosexuais da historia, o casamento de Elisa e Marcela non estivo exento de polémica na época, xa que unha das contraentes viuse na obriga de facerse pasar por un home. A Panadaría nesta obra cóntanos sen dramatismo cunha gran carga de humor e xestualidade a historia destas mulleres, dende como deciden casar até a súa marcha a América, debido á persecución que padeceron na súa terra ao descubrirse a verdade. A obra está interpretada por Ailén Kendelman, Areta Bolado e Nuria Castro baixo a dirreción de Gena Baamonde.*

| Espectáculo | Dirección | Texto orixinal | Música Orixinal | Actor secundario |
|---|---|---|---|---|
| Elisa e Marcela | Gena Baamonde | A Panadaría e Gena Baaamonde | A. Kendelman | A. Kendelman |

## Outono. 2 nominacións

**Dez anos de PistaCatro e o Novo Circo**
*Pista Catro, a compañía de referencia para falar en Galicia do Novo Circo, cumpriu en 2017 o seu décimo aniversario de traxectoria. Para celebrar a efeméride, os compoñentes históricos da formación deciden reflectir a súa propia traxectoria con moito humor e dende un punto de vista un chisco paródico a través dunha suposta compañía de circo en crise. Deste xeito, Outono convértese nunha celebración desta década de existencia, mais tamén unha sutil radiografía da situación escénica para moitos artistas que levan toda unha vida de traballo.*

| | |
|---|---|
| **Espectáculo infantil** | *Outono.* |
| **Maquillaxe** | Trini F. Silva |

## Pum! Pum! Unha nominación

*Marieta é unha nena coma calquera nena de 5 anos, ela está rodeada de portas, portas que se abren e contan historias, historias que teñen música e cantan cando Marieta quere, pero Marieta ten unha porta que garda un segredo. Un segredo que nunca contou e que ninguén escoitou. Pum Pum é un espectáculo de Baobab tenro para nenos/as a partir de 5 anos que fala de historias cotiás que lles pasan aos nenos/as destas idades, pero tamén fala dunha mensaxe clara: deben saber que ninguén lles pode obrigar a facer cousas que non queren.*

**Espectáculo infantil** *Pum! Pum!*

## A galiña azul. Unha nominación

**Espectáculo infantil** *A galiña azul*

*Lorenzo ten unha galiña azul con cinco plumas vermellas na á dereita. Unha galiña moi bonita e moi rara. Pon ovos de cores. Ademais non di cacaracá como as outras galiñas, senón que di cocorocó. E isto ten preocupadas as autoridades.*

*A Galiña Azul é un espectáculo de Tanxarina que fala da diversidade e da solidariedade, destinado ao público infantil e familiar.*

## Fillos do sol. Unha nominación

*A cabalo entre a realidade ficcionada e a fabulación dramática, Eduardo Pondal, xa octoxenario e comesto pola neurose dos seus últimos anos, confronta as súas dúbidas, medos e insatisfaccións creativas, tendo por interlocutores un personaxe nacido da súa perturbación e a xove criada da pensión na que está albergado. Unha elucubración teatral sobre a figura de Pondal e a súa obsesión pola oba Os Eoas.*

**Texto Orixinal** Cándido Pazó

# Rosa Álvarez. Premio de Honra Marisa Soto

Rosa Álvarez (Carballeda de Avia, 1950) iniciou a súa implicación co teatro nos anos setenta, converténdose nunha auténtica pioneira nas artes escénicas de Galicia. O seu labor en favor da escena iniciouse así nunha época na que todo estaba por inventar. Formou parte do grupo de fundadores/as que puxeron en marcha primeiramente a Agrupación Cultural Abrente –da que chegou a ser presidenta– e, pouco despois, as primeiras Mostras de Teatro de Ribadavia. Ambos fitos son considerados, xunto ao teatro independente que agromou na Coruña a finais dos sesenta, como pasos imprescindibles para a fundación do teatro profesional en Galicia en 1978.

A súa pegada como pioneira non remata aquí, xa que tamén impulsou a creación da Sala Carral de Teatro de Vigo, da compañía Teatro do Malbarate (compañía formada integramente por actrices xunto a Mabel Rivera e Marisa Soto) ou da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), da que ostenta o número 1 de asociada e da que exerceu como presidenta entre 1994 e 1996.

Actriz e directora teatral, Rosa Álvarez conta cunha dilatada traxectoria que a levou a participar nun gran número de montaxes de compañías privadas e do Centro Dramático Galego (CDG). Ademais, realizou abondosas incursións no audiovisual, tanto no formato televisivo coma no cinematográfico.

No CDG, Álvarez ten participado nalgunhas das producións máis emblemáticas da entidade. Formou parte do elenco do *Woyzeck* dirixido por Xúlio Lago de 1984, montaxe fundacional da institución pública de teatro. A partir dese momento, converteuse nunha habitual nas obras desenvolvidas polo Centro. Dese xeito, participou en pezas como *Os vellos non deben de namorarse* (1985), *O enfermo*

*imaxinario* (1986) ou *As alegres casadas* (1986). Ao longo dos anos noventa, continuou a súa colaboración coa institución actuando en *O incerto señor don Hamlet* (1991), *Un soño de verán* (1992), *Lisístrata* (1996) ou *Memoria de Antígona* (1998). As súas últimas interpretacións no CDG chegaron con *Eu estaba na casa e agardaba que a chuvia viñese* ou *A boa persoa de Sezúan*.

No seu labor coas compañías privadas, Rosa Álvarez -ademais de traballar con formacións como Teatro do Atlántico, Teatro Artello, Redrum ou a xa citada Mabarate- fundou xunto a Ernesto Chao a compañía Lagarta Lagarta, na que traballou de actriz e directora. En montaxes como *Aeroplanos*, *Cásting, O segredo dos Hoffman* e Unha hora na vida de Stefan Zweig exerceu como directora, mentres que nas lembradas *Fobias* e *As últimas lúas* traballou como intérprete. No cine participou en películas como *Doentes* (Gustavo Balza, 2010), *Os mortos van ás présas* (Ángel de la Cruz, 2005), *De bares* (Mario Iglesias, 2004), *Heroína* (Gerardo Herero, 2004), *Trece Badaladas* (Xabier Villaverde 2002) ou *Entre Bateas* (Jorge Coira, 2001).

A súa carreira foi distinguida con galardóns como o Premio Mestre Mateo á mellor actriz secundaria por *De bares*, o Premio á mellor actriz protagonista por *La Buena Caligrafía* nos festivais de Zaragoza, Pasaia (Ikiska-Xapón), Xerez ou Torrelavega. Nos María Casares, levou o premio á mellor actriz protagonista en dúas ocasións: por *Fobias* e por *Compañía*. Recibiu, ademais, o premio Maruxa Villanueva á traxectoria no ano 2003. Tamén recibiu o Premio Fetega en 2014 á mellor actriz por O país do pato Donald e o Premio Xociviga á traxectoria profesional.

## MANIFESTO GALEGO DO DÍA DO TEATRO. Aldao Lado

As poetas María Lado e Lucía Alado manteñen dende o ano 2005 varios espectáculos baixo o selo de Aldaolado, un dúo poético irreverente que mestura a poesía co humor e a música nun exercicio de comunicación directa co espectador. Ao longo da súa traxectoria, Aldaolado actuou en teatros, salas de concertos, bares e centros de ensino tanto en Galicia coma no exterior, amosando os espectáculos *Onde estea un cubata que se quite un soneto*, *Poeta de mierda* (xunto á actriz Pepa Yáñez), *Moita poesía, pouca diversión*, *Con dez poemas por barba*, *Sempre en Ibiza* ou *Pendanca e Oso*.

**Lucía Aldao** (A Coruña, 1982) iniciouse na poesía durante a adolescencia, etapa na que se fai con numerosos galardóns literarios para novos creadores (O Facho, GZCrea ou o Minerva). Dende aquela, desenvolveu unha carreira que aglutina o mundo da música, do guión e da animación cultural. É unha poeta oral que leva máis de media vida recitando de xeito profesional nos escenarios máis variados. Aldao é unha das figuras máis salientables do grupo poético Poetas da Hostia, desde onde se organizaron recitais colectivos como *A Hostia en Verso* ou *Merendacea*, que supuxeron unha escola de recitar para moitos e moitas poetas de Galicia. Ao longo dos anos, a autora ten

publicado os seus poemas en revistas como *Dorna* ou *A Xanela* e en obras colectivas como *Isto é un poema e hai xente detrás* (Espiral Maior), *Cociñando a pé de Letra* (Galaxia) ou *6 poemas 6. Homenaxe a Federico García Lorca* (Biblos Clube de Lectores). En relación co mundo da música, cabe destacar o seu labor de letrista en composicións de Davide Salvado ou Musel.

**María Lado** (Brens, Cee, 1979). A súa traxectoria literaria comezou no Batallón Literario da Costa da Morte, onde participou nos tres libros editados polo colectivo (*Nós*, *Mar por medio* e *Rumbo ás illas*). Como poeta, publicou seis libros individuais: *A primeira visión* (1997), *casa atlántica, casa cabaret* (2002), *berlín* (2005), *Nove* (2008), *Amantes* (2011) e *oso, mamá, si?* (Xerais, 2015). Este último, recoñecido co mellor libro de poesía na I Gala do Libro Galego. En narrativa, María Lado cultiva os contos para crianzas como *Porque Cuqui non quere ir á lavadora* (Apiario, 2014) ou *5 minutos* (Auga Editora, 2017), así como a biografía *Mulleres Bravas da nosa Historia: Rosalía de Castro* (Urco, 2016) e a novela xuvenil *Entre os dous hai un río* (Ed. Elvira, 2016). Os seus textos foron incluídos en diversas antoloxías, entre as que destacan a escolma de poetas irlandesas e galegas *To The Wind Our Sails* (Salmon Poetry, 2010), *Veinte puntos de fuga. Poesía gallega contemporánea* (Fundación editorial El Perro y la rana, Venezuela, 2010) ou *Anthology of Galicia Literature* (Xunta de Galicia, Xerais e Galaxia, 2012). Como actriz, María Lado ten participado en varias montaxes da Aula de Teatro da USC con Roberto Salgueiro e en montaxes profesionais como *Os carros do camiño* (Ollomoltranvía, 1999), *Cousas* (Títeres Cachirulo, 2003), *O retrato de Dorian Gray* (Uvegá, 2002) ou o *Oeste Solitario* (Producións Teatráis Excéntricas, 2011).

**Manifesto do teatro 2018 por Aldaolado**

*Nos tempos que corren agárdase que un manifesto sexa un berro enrabiado, cargado do veleno que corre cheo de razón polas nosas veas, un berro que bata como puño nas paredes de cristal coas que nos encerra o poder, cada día máis asfixiantes, cada día menos disimuladas, cada día máis enlamadas. Pero este manifesto non é un berro, non precisa de volume nin carraxe para sosterse. Este manifesto é unha gargallada, un rirse a boca aberta, un desperrecharse. Porque a rabia é a arma da guerra, pero a risa é a bandeira da resistencia, é a intelixencia, é a liberdade.*

*E o teatro é a república da liberdade. O teatro é o territorio onde podemos matar ao rei, fundar unha acrópole de mulleres, brindar con santos e apóstolos. Esa terra fértil onde unha mesa e dúas cadeiras son unha terraza do París dos 50, onde o activo máis importante é a complicidade do público, ese lugar sagrado onde as sombras cobran vida e dinnos: o teatro non imita a vida, o teatro soña o mundo que desexamos, é a materia prima coa que construír a sociedade futura. O teatro é o Estado Confederado das valentes, das libres, das que non calan se as asoballan, das que rin.*

*Mesmo aquelas obras máis dramáticas, aquelas traxedias máis intensas, teñen á risa observándoas caladiñamente dende caixas. Porque sen ela non serían nada. Como recoñeceríamos os días tristes se nunca coñecéramos os alegres?*

*O teatro é o xogo máis construtivo de todos cantos xogamos, as súas regras son autonomamente consentidas e fainos o tremendo agasallo de poder ser doutro xeito, que non é pouco.*

*Que xente fútil seriamos se abandonásemos a partida na que nos xogamos a beleza, a verdade, a diversión e a emoción. Todo está inzado de trampas e hai unha vontade allea que se empeña en poñer fin a un xogo de séculos, antigo e próspero como a vida. Que non nos confundan, que non terxiversen os nosos guións escritos co lapis da honestidade, escritos para facer pensar máis aló dos dogmas. Criminalizar a liberdade supón frivolizar o discurso do odio.*

*-Prohibido xogar, prohibido rir -din.*

*A risa e o xogo é o que nos fai diferentes. O que nos leva a crernos máis intelixentes e, desgraciadamente, superiores ao resto dos animais. Ao poder xamais lle pode gustar a*

*risa, nunca estará da parte das que xogamos e ensaiamos como mudar a realidade. O poder non quere que saibamos rir, nin soñar. Quérenos mansas coma bestas- con toda a admiración que temos nós polas bestas- que tiran dunha carruaxe dourada onde pasea un tirano nu. Son as xentes do teatro as que sinalan o absurdo da escena e rin, e proclaman sen medo: Morte ao rei do aburrimento! Viva a risa! Viva a intelixencia! Viva a liberdade! Vivan os personaxes que falan sen cancelas coa nosa voz! Vivan os títeres, porque eles todo o poden dicir! E vivan, tamén, as teatreiras valentes que erguen a súa voz sen medo contra os abusos, contra o machismo, contra a inxustiza! Viva, en fin, o teatro porque nesta nación de táboas e escuro somos libres e verdadeiras*!

**A Gala: Talía Teatro**

A produción da Gala María Casares 2018, que se celebrará o mércores 21 de marzo correrá a cargo da compañía TALÍA TEATRO, que pon ao servizo desta todo o seu equipo.

Talía teatro, que cumpre trinta anos en escena no 2018, aglutina a un equipo de profesionais das artes escénicas que baixo a dirección de Artur Trillo acumulan anos de traballo en común e entre os que existe unha sintonía na forma de entender o feito teatral. Un dos puntos fortes da compañía é o nivel de implicación do seu equipo. Un equipo dinámico, activo e con ganas de seguir medrando e enfrontarse con paixón a novos retos e experiencias.

Aborda proxectos que van más alá do puro entretemento: textos sólidos que falan da condición humana e provocan reflexión, sen por isto esquecer o que leva ao espectador ao teatro: unha experiencia estética en vivo única e irrepetible. Ademais Talía pon o seu equipo e experiencia artística ao servizo de eventos e programacións culturais: mostras teatrais, escolas de teatro, programacións, etc.

É unha compañía flexible, con capacidade de adaptación e solucións áxiles que goza de recoñecemento entre o público e o sector teatral.

| FICHA ARTÍSTICA | |
|---|---|
| **Dirección** | Artur Trillo |
| **Guión** | Talía Teatro |
| **Escenografía e iluminación** | Dani Trillo |
| **Vestiario e maquillaxe** | Martina Cambeiro |
| **Elenco** | Toño Casais, María Ordóñez, Dani Trillo, Diego Rey, Marta Ríos, Xurxo Barcala e Marta Lado |


Alberto Ramos / TLF: 653782838 / prensa.premios@aaaag.es / www.aaag.es

**3.2 A dirección: ARTUR TRILLO**

Nacido en Cee en 1968, Artur Trillo é director, autor e actor teatral. Leva máis de tres décadas dedicados ao teatro como director da compañía Talía Teatro. Con esta formación, fundada en 1988, dirixiu e actuou en obras como *O rei aborrecido*, *Aquí non paga ninguén*, *O crime de Aldea Vella*, *Fando e Lis*, *Soños dun seductor*, *Dakota*, *Supermáis*, *Bicos con lingua*, *Pelos na lingua* ou *Menos Lobos*, montaxe cuxo texto pertence a súa autoría. Nos últimos anos, ten participado tamén nos elencos das montaxes de Talía máis recentes, como *O Metodo Gronholm*, *Demolición* ou *Ubú Rei*.

O seu traballo tamén deixou pegada no Centro Dramático Galego. Na institución de teatro público traballou como actor en obras como *Xelmírez ou a gloria de Compostela*, de Daniel Cortezón, ou *Calígula*, de Albert Camus.

O seu currículo teatral complétase coas súas colaboracións coas compañías máis representativas do teatro galego. Destacan neste eido a súa participación en montaxes de Teatro do Atlántico ou Lagarta Lagarta.

O seu traballo como actor recibiu o recoñecemento en diferentes ocasións, sobresaen as súas interpretacións nos espectáculos de Talía *Teatro Esperando a Godot*, *E ti, quen ves sendo?* e *Bicos con Lingua*. Tamén resulta moi lembrada a súa participación en *O encoro*, de Teatro do Atlántico.

**3.2 MAQUILLAXE: Martina Cambeiro**

Forma parte do equipo estable de Talía Teatro desde a súa creación e realizou o deseño de vestiario e maquillaxe de case todas as súas producións. As súas realizacións recibiron numerosas nominacións nos Premios María Casares. Neste sentido, pódense destacar como obras nas que participou *A Secreta obscenidade* (Talía Teatro), *Supermáis!!!* (Talía Teatro), *Volpone* (Talía) ou *A Gran Ilusión* (Teatro do Morcego)

**3.3 ESCENOGRAFÍA E ILUMINACIÓN: Dani Trillo**

Actor, escenógrafo e iluminador. Dani Trillo exerce na actualidade esta tripla actividade no mundo escénico. Comezou a súa andaina teatral con Talía no ano 2004 co espectáculo *Eu así non xogo*. Dende aquela, participou en doce montaxes da compañía, entre as que podemos destacar pezas como *O método Grönholm*, *Carta urxente para Máximo Toxo*, *Valentino Rufini e Akil Pillabán de viaxe a Milán*, *Foucellas* ou *Ubú Rei*.

Ademais de pola interpretación, Dani Trillo sempre tivo un gran interese por todos os elementos que compoñen un espectáculo e ten realizado numerosos traballos de deseño de iluminación e escenografía. No Ano 2016 recibiu o Premio María Casares á mellor escenografía por *Foucellas*. Na Gala dos XXII Premios María Casares, encargarase do deseño de escenografía e da iluminación, ademais de formar parte do elenco do espectáculo.

**3.4 ELENCO**

**Marta Lado**

Marta Lado (Carnota, 1981) é unha actriz que está a destacar tanto no teatro coma no audiovisual. Licenciada en Arte Dramática pola ESAD de Galicia, continuou a súa sólida formación con diversos cursos e obradoiros. No ámbito escénico, Lado estreouse coa súa participación de *Ide todos ao inferno*, de Julián Rodríguez en 2006. Cinco anos despois, traballou en *O Cerdeiral,* dirixida por Daniel Salgado. En 2012, emprendeu unha xira polo Reino Unido con *En el campamento*, dirixida por Andrew Bardwill con Onatti Productions.

**Toño Casais**

Nacido en Cee en 1976, Toño Casais é actor que forma parte de Talía Teatro dende os seus inicios profesionais. Na compañía, ten exercido como intérprete en espectáculos tan lembrados como *Esperando a Godot*, *O merlo Branco*, *E ti, quen vés sendo?*, *Palabras encadeadas*, *Volpone*, *Pelos na lingua*, *Bicos con lingua*, *O método Grönholm*, *Demolición* ou *Foucellas*.

Casais tamén ten participado en diversas producións do Centro Dramático Galego. Contou con papeis en montaxes da unidade de teatro público como son *Ricardo III* ou *Seis personaxes á procura de autor*. Por outra banda, colaborou con compañías como Teatro do Atlántico en obras como *O Encoro*.

**María Ordóñez**

María Ordóñez iniciou a súa carreira profesional con Talía Teatro no ano 2004 con *Eu así non xogo*, obra dirixida e escrita por Artur Trillo. Dende aquel ano até hoxe, Ordóñez traballou nun gran número de producións da compañía: *O merlo branco* (2996), *Quero ser grande* (2007), *E ti, quen vés sendo?* (2008), *Palabras encadeadas* (2009), *Volpone ou comedia de mosca* (2010), *Pelos na lingua* (2011), *O Método Grönholm* (2012), *Sopa de sapo* (2014), *Foucellas* ou *Ubú Rei* (2017). No seu haber conta con diferentes distincións, entre os que destacan o Fetega á mellor actriz por *Pelos na lingua*. Premio María Casares ao mellor texto compartido con outros autores por *Pelos na Lingua* e o Max ao Mellor texto en galego.

**Marta Ríos**

A actriz Marta Ríos está vinculada á compañía Talía Teatro dende a temporada 2003, ano no que debutou como intérprete no espectáculo *Eu así non xogo*. Dende aquela até hoxe, Marta Ríos converteuse nunha habitual dos elencos da compañía e ten participado once montaxes con Talía. Entre elas podemos destacar diferentes producións da formación como son *Supermais*, *Mundos contados*, *Esperando a Godot*, *O merlo branco*, *Quero ser grande* ou *Ubú Rei*. Cómpre destacar a súa interpretación en *Volpone*, pola que recibiu o Premio María Casares á mellor actriz secundaria. O seu currículo complétase, ademais, pola súa participación en diferentes curtametraxes e unha ampla formación constituída por talleres, obradoiros e cursos de posgrao, como o III Curso de posgrao de especialización en Arte Dramática: teoría e práctica da interpretación, organizado pola USC.2003

**Diego Rey**

Diego Rey exerce a súa actividade profesional como actor, autor, director e monitor de cursos de teatro no concello de Vimianzo. Forma parte de Talía Teatro dende a temporada 2006, ano no que realizou a súa incursión na escena da man desta compañía. A partir do ano 2010, comeza a orientar a súa carreira de forma dedicada cara á dirección, compaxinando traballos para Talía e outras compañías, pero sen deixar de lado o seu labor interpretativa.

Como director, dirixiu obras para Talía como son *Carta Urxente para Máximo Toxo* ou *Xango. A moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina*. Ambos os dous textos son da súa autoría. Como actor, traballou en obras como *Ubú Rei*, *Sopa de sapo* ou *Valentino Rufini e Akil Pillabán de viaxe a Milán*. Formará parte do elenco da nova produción de Talía: O servidor de dous anos. Ademais, exercerá a dirección desta obra.

**Xurxo Barcala**

Debutou como actor de Talía Teatro no ano 2017 co espectáculo infantil *Menos Lobos*. A súa carreira interpretativa coa compañía continuou con montaxes como *Supermais*, *Eu así non xogo* e *E ti, quen vés sendo?* Despois de dous anos dedicado a traballados pedagóxicos, en 2016 retornou a Talía para formar parte dos seus elencos. Participa en *Os mortos daquel verán*, achegamento dramático á novela de Casares, e en *O servidor de dous amos*, a nova produción de Talía. No ámbito audiovisual, Barcala tamén ten exercido como actor episódico en series da TVG como *As leis de Celavella* ou *Libro de familia*.

**Rubén Prieto**



Nacido en 1985, Rubén Prieto é un artista multidisciplinar, que como actor ten desenvolvido unha ampla carreira tanto no teatro coma no cine. Traballou en fitas como a telemovie 22 ángeles (Miguel Bardem 2016), A praia dos afogados (Gerardo Herrero), Maratón (Breogán Riveiro, 2011), Todo é silencio (José Luis Cuerda, 2011) ou Vilamor (Ignacio Vilar 2010). En teatro, ten traballado con Talía Teatro en obras como Volpone, Sopa de Sapo ou Ubú Rei. Na televisión, Prieto tamén conta cunha longa experiencia na televisión, ao ter participado en series como Serramoura, Escoba ou Pazo de familia. Ademais, é colaborador habitual como hombre de acción en El hormiguero e colaborou noutros programas como *Tourilandia* ou Luar.

**<u>Música</u>**

Este ano, a música da Gala dos Premios María Casares estará a cargo do Coro Encaixe, conformado por Carlos Abraira, Faia Díaz, Carlos García, Lorena Gontad, Rocío Jiménez, Bieito Miranda , Diego Miramontes, Xoán Padín María Pardo , Malena Pazos, Sergio Piñeiro , Rubén Prieto, Michel Rivadulla, Paula Romero, Inés Salvado e coa dirección musical de Manuel Abraldes.